

**Asunto: solicitude de cobertura da praza de técnico/a de normalización lingüística no SNL do Concello de Nigrán**

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela, enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

**EXPOÑO:**

Tras un proceso selectivo convocado para poñer de novo en funcionamento o Servizo de Normalización Lingüística de Nigrán durante 12 meses, **en novembro de 2018 comezou unha nova etapa deste departamento no Concello de Nigrán**. Tanto esta coma a anterior contratación (entre os anos 2016 e 2017) producíronse ao abeiro das axudas para a dinamización lingüística convocadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, que nestes momentos dotan os concellos da provincia cun máximo de 15000 euros para a creación e o mantemento de servizos de normalización lingüística.

Desde a CTNL felicitamos o Concello de Nigrán por retomar o traballo de normalización lingüística a través dun departamento técnico, integrado na institución, que poida analizar a situación da lingua na entidade local e no municipio, e **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística co obxectivo de mellorar o uso e o prestixio da lingua** tanto na entidade local como na sociedade de Nigrán.

Mais, tras unha recente consulta da *Guía da lingua* (<http://kit.consellodacultura.gal/guia-da-lingua/>), ferramenta do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) que nos proporciona información actualizada dos servizos de normalización lingüística existentes, detectamos que o SNL de Nigrán, a pesar de estar previsto para 12 meses, xa non está en funcionamento. De acordo coa información proporcionada polo propio concello trátase dunha ausencia prolongada da persoa contratada.

Tendo en conta que nas bases da convocatoria se indicaba textualmente “As posibles suplencias quedarán establecidas por orde de puntuación segundo recolla a acta de selección” e que no proceso selectivo obtiveron a puntuación de apto/a en todas as probas un total de catro persoas, incluída a finalmente contratada, resultaría sinxelo cubrir a ausencia da persoa titular cos seguintes candidatos segundo a puntuación obtida, sen necesidade de paralizar o funcionamento do servizo de normalización lingüística. Desta forma, ademais, o concello podería beneficiarse da axuda de ata 15000 euros que nestes momentos ten convocada a Deputación Provincial de Pontevedra para o mantemento de servizos de normalización lingüística (prazo de solicitude de axudas ata o 8 de febreiro).

Polo tanto, SOLICITO:

- Que o **Concello de Nigrán cubra a ausencia da persoa titular da praza de técnico/a de normalización lingüística de acordo co establecido nas bases da convocatoria**, é dicir, tendo en conta a orde de puntuación das restantes persoas aspirantes que foron aptas no proceso selectivo.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019